
Sagina apetala Ard., 1764

- saxina apétala, saguina das areas
- morujilla desnuda
-
- sagina apètala
- annual pearlwort
- sagina apetala



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Caryophyllales**	**Caryophyllaceae**	***Sagina***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Planta anual, de 2-10 cm de altura. Talos simples ou ramificados dende a base; os laterais erectos ou ascendentes. Follas opostas, lineares, agudas, arestas ou longamente mucronadas; a miúdo ciliadas na súa metade inferior. Roseta basal de follas pouco visible, raramente persistentes durante a floración. Pedicelos florais máis longos cá flor, filiformes, con frecuencia glanduloso-puberulentos na súa parte superior. Flores tetrámeras, solitarias. Sépalos ovalados ou ovalado-oblongos, frecuentemente estendidos, ás veces adscritos á cápsula madura, obtusos ou agudos. Pétalos diminutos ou ausentes. O froito é unha cápsula ovoide-oblonga. Sementes de 0,25-0,38 mm. Florece de xaneiro a agosto.

HÁBITAT

Zonas pisadas, gretas en muros e valados ou campos cultivados. Preferentemente en solos areosos algo húmidos. Dende o nivel do mar ata 1800 m.

DISTRIBUCIÓN

Europa, Norte de África, Suroeste de Asia, América do Norte, a Macaronesia. Introducida en América do Sur e moitas outras partes do mundo. Espallada pola maior parte da Península Ibérica e as Illas Baleares.

CURIOSIDADES

É fácil de cultivar e adáptase a diferentes condicións nos xardíns, o que a fai axeitada para principiantes en xardinería.